

A paradiplomacia galega e a globalización do local



A paradiplomacia galega e a globalización do local

DIRECCIÓN:

Daniel González Palau

EQUIPO COLABORADOR:

Manuel González López

María Xosé Porteiro

Álvaro Xosé López Mira

Celso Cancela Outeda

Marcha Mundial das Mulleres

MAQUETACIÓN E EDICIÓN ELECTRÓNICA:

PositiBos.gal

ISSN:

1989-9149



**XUNTA
DE GALICIA**

A edición deste informe contou coa
colaboración da Secretaría Xeral de Política
Lingüística da Xunta de Galicia

Os puntos de vista que se expoñen nestas colaboracións reflicten exclusivamente a opinión dos seus autores e, polo tanto, non representan o punto de vista oficial do IGADI.

The views expressed here are those of individual contributors and do not necessarily represent those of the IGADI as such.

ÍNDICE

- 4** **PRESENTACIÓN: A PARADIPLOMACIA GALEGA E A GLOBALIZACIÓN DO LOCAL.**
- 6** **EGAEX. A ACCIÓN EXTERIOR INSTITUCIONALIZADA.**
Por Jesús Gamallo Aller, director xeral de Relacións Exteriores e coa UE e Marta Fernández-Tapias Núñez, directora xeral de Administración Local.
- 10** **NOTAS PARA UNHA ESTRATEXIA EXTERIOR DA CORUÑA.**
Por Alberto Lema, Concelleiro de Emprego e Economía social do Concello da Coruña.
- 12** **A ACCIÓN EXTERIOR NO CONCELLO DE LUGO.**
Por Lara Méndez López, Alcaldesa do Concello de Lugo.
- 14** **OURENSE LÁNZASE AO MUNDO PARA BRILLAR CON LUZ PROPIA.**
Por Jesús Vázquez, Alcalde do Concello de Ourense.
- 18** **PONTEVEDRA: INTRODUCCIÓN, NUDOS E DESENLACES.**
Por Anabel Gulías, Concelleira de Promoción da cidade, turismo e urbanismo do Concello de Pontevedra.
- 21** **A ECONOMÍA GALEGA EN CLAVE INTERNACIONAL NO 2017.**
Por Manuel González López, Grupo de Investigación ICEDE, Departamento de Economía Aplicada. USC
- 27** **HAI DÚAS GALICIAS QUE PRECISAN CONEXIÓN.
CENTROS GALEGOS, A PATRIA SIMBÓLICA.**
Por María Xosé Porteiro, xornalista e antiga delegada en Arxentina da Xunta de Galicia.
- 30** **A PARADIPLOMACIA GALEGA NA UNIVERSIDADE? O EXEMPLO DOS CONGRESOS DE ESTUDOS INTERNACIONAIS DE GALICIA.**
Por Álvaro Xosé López Mira, Celso Cancela Outeda e Daniel González Palau, codirectores do 2º Congreso de Estudos Internacionais de Galicia.
- 33** **A CONEXIÓN GALEGA DA MARCHA MUNDIAL DAS MULLERES.**
Pola Coordinadora local de Vigo da Marcha Mundial das Mulleres.

PRESENTACIÓN: A PARADIPLOMACIA GALEGA E A GLOBALIZACIÓN DO LOCAL

O Nós no Mundo sae a luz nun contexto crucial para a institucionalización da acción exterior galega, obxectivo constituínte do IGADI no 1991. Se nos dous últimos anuarios monográficos arredor da acción exterior de Galicia, o núcleo central dos mesmos constituíuse arredor da reflexión sobre o novo marco legal do Decreto da Xunta 178/2015 da Acción Exterior⁽¹⁾, agora a EGAEX é xa unha realidade en marcha (Estratexia Galega de Acción Exterior; o paraugas dende o que coordinar todos os impulsos internacionais da Autonomía)⁽²⁾.

Con este marco xeral de actuación a Comunidade Autónoma Galega sitúase como pioneira á hora de interpretar a lóxica expansiva do novo marco estatal, inaugurado no contexto da crise catalana no ano 2014 e tras moitos intentos dende a transición de dotar de Lei á Acción exterior española, que até o de agora viña funcionando por medio de inercias e dinámicas parciais...

Así as cousas o reto da EGAEX será o de actualizar a presenza internacional de Galicia da maneira máis eficaz e eficiente posible, por medio do liderado dende a Xunta de Galicia e a coordinación entre as súas distintas áreas de traballo; mais en coordinación co resto de actores da acción exterior galega (administración locais, universidades, empresas, sociedade civil...) no obxectivo de crear unha marca e relato para a Galicia global do S.XXI asociada á excelencia.

(1) Tralas Leis estatais 2/2014 do 25 de marzo de Acción Exterior e do Servizo Exterior do Estado e 25/2014 do 27 de novembro, de Tratados e outros Acordos Internacionais

(2) A EGAEX foi primeiramente aprobada polo Consello de Acción Exterior de Galicia, onde o IGADI participou absténdose, e posteriormente foi a Comisión parlamentaria para a súa aprobación, tralo visto bon do Ministerio de Exteriores do Estado. A EGAEX entrou finalmente en vigor o 1 de febreiro de 2018.

Máis alá dos debates naturais, lóxicos e democráticos arredor do texto final da EGAEX –especialmente normais no contexto de crise territorial do Estado- a mesma serve para trazar un mapa común compartido dos nosos intereses e prioridades no planeta, tendo en conta as nosas fortalezas, da lingua e a cultura á diáspora ou a capacidade exportadora da nosa economía.

Dende o noso punto de vista, máis alá da positiva institucionalización da acción exterior galega, a EGAEX ten a súa maior debilidade na natureza do documento, extraordinariamente extenso e sen un plan de actuación definido, mais propio dunha reflexión xeral que dunha estratexia. Polo tanto, debera superar nos próximos anos o seu carácter institucional-administrativo para ser unha estratexia tamén política, operativa e socializable entre os actores máis relevantes da nosa presenza internacional (no marco do Estatuto e da definición de Galicia coma nacionalidade histórica). A EGAEX debera ser o elemento reitor da nosa paradiplomacia.

Desta maneira, no proceso de conversas abertas para transformar o Decreto da Acción Exterior galega de 2015 en Lei antes do 2020; e co acontecemento extraordinario para a nosa proxección internacional do próximo Xacobeo 2021, impulsamos neste número do Nós No Mundo unha reflexión xeral sobre o estado das relacións co internacional dende as nosas institucións locais, que por primeira vez son recoñecidas como suxeitos da acción exterior galega.

Será este o núcleo do presente informe, para o que contamos coa colaboración da Dirección Xeral de Exteriores e a Dirección Xeral da Admi-

nistración Local da Xunta de Galicia e as achegas dos Concellos da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, presentando a súa experiencia e proxecto en relación co internacional. Cómpre agradecerlles a estas institucións a participación e a vontade de activar unha internacionalización consciente, extraordinariamente retrasada en Galicia en relación ás tendencias europeas e internacionais, que hai anos que normalizaron a acción exterior local, superando as políticas necesarias mais insuficientes, de captación turística.

Neste relato dende o local cómpre nos próximos anos sistematizar a acción exterior da nosa administración local: captación de fondos europeos e investimentos, participación en redes internacionais e irmandamentos, turismo, educación, cultura, cooperación internacional... Faise urxente ordenar e concentrar esforzos; evitando a dispersión e procurando mecanismos de coordinación coa sociedade civil e a Xunta de Galicia para multiplicar sinerxías e calidade na nosa presenza internacional, multiplicando as oportunidades para a nosa sociedade.

Mais no -Nós No Mundo 20218 hai moito máis. Achegámonos á análise da nosa balanza

comercial de 2017 elaborado por Manuel González da USC e poñemos o foco no conflito arredor do Centro Gallego de Buenos Aires e a nosa relación coa diáspora por medio dun texto de María Xosé Porteiro. Contamos tamén cun artigo dos Directores do 2º Congreso de Estudos Internacionais de Galicia; organizado polo Observatorio da Gobernanza da Universidade de Vigo e o IGADI, arredor do estado dos estudos sobre a paradiplomacia no sistema universitario galego, no contexto do vixésimo sexto aniversario da nosa entidade.

Finalmente o Nós no Mundo 2018 remata cun texto moi especial da Marcha Mundial das Mulleres de Galicia; arredor da xenealoxía e estado actual da conectividade internacional do feminismo galego, no marco da folga xeral de mulleres do pasado 8 de marzo.

O IGADI que dende o seu nacemento acompañou e dinamizou o proceso de institucionalización da nosa acción exterior continuará a tentar converter as palabras en feitos e os textos en programas, proxectos e actividades reais, que non sexan só de parte, se non inclusivos e o máis consensuados posibles.

Jesús Gamallo Aller, director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, e Marta Fernández-Tapias Núñez, directora xeral de Administración Local.

EGAEX. A ACCIÓN EXTERIOR INSTITUCIONALIZADA

O 1 de febreiro de 2018 o Consello da Xunta aprobou definitivamente a Estratexia Galega de Acción Exterior (EGAEX), consonte co Decreto 178/2015, do 26 novembro, polo que se regula a acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia⁽³⁾. Deste xeito formal dábase cumio a unha laboura normativa e prescritiva que agora ha ter continuidade na súa execución, mellora permanente e, por riba de todo, de constante adaptación ao cambio.

O Decreto autonómico veu encher un baleiro que era indispensable colmar para poder aproveitar todas as potencialidades legais inauguradas no Ordenamento xurídico español pola Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado, complementada coa Lei 25/2014, do 27 do novembro, de tratados e outros acordos internacionais. Galicia decidiu pois estar á vangarda nesta liña de apertura cara ó exterior e non agardou ó desenvolvemento dos pendentes regulamentos executivos desas leis. Non obstante, como é consubstancial á lealdade constitucional que artella a todos os Estados de estrutura complexa no entorno da UE (Bundesreue), o executivo galego comunicou o seu proxecto ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

Ese novo marco xurídico abriu un enorme abano de opcións na proxección exterior mesmo no eido local. Concellos e Deputacións, así como os seus respectivos organismos e entidades, po-

den agora proxectar con plena seguridade xurídica as súas competencias materiais fóra do territorio español, sempre e cando se cingan aos procedementos establecidos.

Velaí como no artigo 5.2 da primeira desas leis, dise que a respectiva Administración local manterá *"informado o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación das propostas sobre viaxes, visitas, intercambios e actuacións con proxección exterior, para que este departamento poida informar e, se for o caso, emitir recomendacións motivadas sobre a adecuación da proposta de actuación ás directrices, fins e obxectivos da política exterior fixados polo Goberno e os instrumentos de planificación establecidos por esta lei."*

Que implica esta obriga de facer para as entidades locais? Aparentemente supón o deber das autoridades municipais e das deputacións de informar ao MAEC das iniciativas previstas no exterior -fóra de territorio español- antes de que se materialicen. O que non queda claro na literalidade da lei é a antelación coa que informar ao MAEC desas iniciativas -viaxes, actuacións, ...-. Pois ben, considerando o convido no acordo acadado na Comisión Bilateral de Cooperación Administración do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia en relación coa devandita Lei 2/2014, estimamos que debe ser interpretado do seguinte xeito⁽⁴⁾:

(4) RESOLUCIÓN do 30 de xaneiro de 2015, da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, pola que se ordena a publicación do acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral da Estado-Comunidade Autónoma de Galicia en relación coa Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado. (DOG nº 29, do 12.II.2015, páx. 6.256).

(3) DOG nº 233, do 7.XII.2015.

“Ambas as partes coinciden en que as referencias contidas nos artigos 5.2, 11 e 12, da Lei, que prevén distintos informes sobre a adecuación ás directrices fins e obxectivos da Política Exterior das viaxes, visitas, intercambios, actuacións que leven a cabo as CCAA no exterior e das oficinas ou unidades administrativas que establezan no exterior, así como os acordos internacionais administrativos e non normativos con outros suxeitos de dereito internacional, deben interpretarse de acordo coa lexislación aplicable en materia de procedemento administrativo común.

Ambas as partes coinciden en que as previsións contidas nos arts. 5.2 e 12 nas que se alude como «propostas» á comunicación polas CCAA das viaxes, visitas, intercambios, actuacións e apertura de oficinas no exterior, han de interpretarse no sentido de que as CCAA comunicarán ditas actuacións que prevexan levar a cabo no exterior, correspondendo á Administración Xeral do Estado o seu informe de conformidade cos devanditos preceptos nos termos expostos no apartado anterior.”

Daquela, como non pode ser doutra maneira, a comunicación previa que impón o lexislador hase ter que realizar consonte coa vixente Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que derogou a entón vixente Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Por conseguinte, tomaríase en consideración o previsto no artigo 80 -e concordantes- da Lei 39/2015:

Resolución de 2 de febrero de 2015, de la Secretaría General de Coordinación Autonómica y Local, por la que se publica el Acuerdo de la Comisión Bilateral de Cooperación Administración General del Estado-Comunidad Autónoma de Galicia en relación con la Ley 2/2014, de 25 de marzo, de la Acción y del Servicio Exterior del Estado. (BOE nº 37, do 12.II.2015, páx. 11.906).

“Artigo 80. Emisión de informes.

1. Salvo disposición expresa en contrario, os informes serán facultativos e non vinculantes.

2. Os informes serán emitidos a través de medios electrónicos e de acordo cos requisitos que sinala o artigo 26 no prazo de dez días, salvo que unha disposición ou o cumprimento do resto dos prazos do procedemento permita ou exixa outro prazo maior ou menor. (...).”

Con todo, a previsión máis relevante para as entidades locais entre as que se insiren na Lei 2/2014, é a que figura no inciso final do seu artigo 11.2:

“As entidades que integran a Administración local estarán suxeitas aos instrumentos de planificación da acción exterior que determinen as súas respectivas comunidades autónomas.”

En consecuencia, alguén terá que supervisar o cumprimento desta obriga, e pode ser a propia Xunta de Galicia, antes de comunicar a respectiva iniciativa local ao MAEC, ou con posterioridade, previa solicitude de informe autonómico polo MAEC antes de formar o seu criterio, xa que só o Executivo autonómico é o máis e mellor cualificado para avaliar a suxeición ao seu instrumento de planificación exterior.

Tal como reflicte a integridade dese artigo 11, as Comunidades Autónomas e as entidades locais observarán, ademais da legalidade vixente, as *“directrices, fins e obxectivos da política exterior fixados polo Goberno”*. O documento que plasma esas directrices, fins e obxectivos é nestes momentos a Estratexia Española de Acción Exterior⁽⁵⁾. Pero, a maiores, en Galicia, as súas entidades locais terán que observar a *Estratexia Galega de Acción Exterior (EGAEX)*, aprobada polo Consello da Xunta o 1 de febreiro de 2018.

(5) Aprobada polo Consejo de Ministros do 26.XII.2014.

Por iso o Decreto 178/2015, do 26 novembro, polo que se regula a acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia (DRAEX), recolle nidiamente no seu artigo 4.c) que son suxeitos da acción exterior galega “*As entidades locais galegas, nas súas relacións con entes análogos doutros Estados, observando as directrices emanadas da Xunta de Galicia, en liña coa súa planificación estratéxica e coa da Administración xeral do Estado*”.

Esta nosa EGAEX, unha xenuína estratexia de país, foi aprobada cun grande respaldo colectivo. No Consello de Acción Exterior de Galicia (CAEX) obtivo o voto favorable de todas as institucións e entidades alí representadas -entre elas, a Federación Galega de Municipios e Provincias, FEGAMP-, non tendo ningún voto en contra, e só unha única abstención; e xa, no Parlamento de Galicia, todos os grupos da oposición se abstiveron, logo de ter aceptado o Goberno galego e o partido que o apoia a maioría das súas propostas ao longo de case dous anos de tramitación -demora que obedeceu á celebración no medio das Eleccións autonómicas do 25.IX.2016, e ó reinicio da fase de nova información pública, para garantir un plus de transparencia e participación-.

Dentro desa cadea de obrigas (Lei-Estratexia Española de Acción Exterior-DRAEX-EGAEX), o Goberno galego aspirou a aproveitar ao máximo as oportunidades que esta nova realidade ofrecía. Unha realidade que lle recoñece por vez primeira mesmo ás entidades locais a posibilidade de asinar acordos internacionais administrativos e acordos internacionais non normativos, consonte co Capítulo II (*Subscripción de acordos internacionais administrativos e non normativos polas comunidades autónomas, cidades de Ceuta e Melilla e entidades locais*) do Título V da Lei 25/2014, do 27 do novembro, de tratados e ou-

tros acordos internacionais ⁽⁶⁾.

Tanto o DRAEX coma a EGAEX engadiron así singularidades non previstas na normativa básica estatal. Por exemplo, sen ir máis lonxe, o Capítulo IV do DRAEX dálle un trato singular á Eurorexión Galicia-Norte de Portugal e a Lusofonía. Para nós, os galegos, resulta moi peculiar considerar como “exterior” a Portugal. Se cadra si o é dende Madrid, pero non pode selo dende a nosa terra. Por iso incluímos preceptos como o seu artigo 30 (*Cooperación territorial e transfronteiriza galaico-portuguesa de base local*). Prácticas como esta xa son naturais entre nós. Velaí como

(6) Artigo 52. Subscripción de acordos internacionais administrativos.

1. As comunidades autónomas poderán subscribir acordos internacionais administrativos en execución e concreción dun tratado internacional cando teñan por ámbito materias propias da súa competencia e con suxeición ao que dispoña o propio tratado internacional. Así mesmo, cando teñan por ámbito materias propias da súa competencia poderán subscribilos as cidades autónomas e as entidades locais.

2. Os requisitos, tramitación interna, publicación e entrada en vigor destes acordos internacionais administrativos, sen prexuízo do que se dispón no número seguinte, rexeranse polo previsto no título III da presente lei.

3. Os proxectos de acordos internacionais administrativos serán remitidos ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación antes da súa sinatura para que a Asesoría Xurídica Internacional informe acerca da súa natureza, procedemento e máis adecuada instrumentación segundo o dereito internacional. En particular, ditaminará sobre se o dito proxecto se debería formalizar como tratado internacional ou como acordo internacional administrativo. Para a emisión do seu informe, o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación solicitará cantos outros xulgue necesarios. O prazo para a emisión do informe será de dez días.

Artigo 53. Subscripción de acordos internacionais non normativos.

1. As comunidades autónomas poderán establecer acordos internacionais non normativos nas materias que sexan propias da súa competencia. Así mesmo, cando teñan por ámbito materias propias da súa competencia poderán subscribilos as cidades de Ceuta e Melilla e as entidades locais.

2. A tramitación interna e o rexistro destes acordos internacionais non normativos, sen prexuízo do que se dispón no número 3 seguinte, rexeranse polo previsto no título IV da presente lei.

3. Os proxectos de acordos internacionais non normativos serán remitidos ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación antes da súa sinatura para que a Asesoría Xurídica Internacional informe acerca da súa natureza, procedemento e máis adecuada instrumentación segundo o dereito internacional. En particular, ditaminará sobre se o dito proxecto se debería formalizar como tratado internacional ou como acordo internacional administrativo. Para a emisión do seu informe, o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación solicitará cantos outros xulgue necesarios. O prazo para a emisión do informe será de dez días.

na actividade de control do Parlamento galego sobre a Xunta de Galicia no que concerne ás viaxes exteriores, xa non se considera axeitado reportar nesta categoría os desprazamentos á República irmá, pola chea de encontros mantidos con autoridades e funcionarios lusos por mor de iniciativas inseridas en proxectos da Unión Europea ou por proxectos ao abeiro da Comunidade de Tránsito Galicia-Norte de Portugal.

En calquera caso, a conxunción do DRAEX coa EGAEX marca certas fronteiras ás iniciativas locais alén do territorio español, que non se poden esquecer. Así, non serían axeitadas iniciativas locais que tiveran como contrapartes a autoridades públicas de Estados que non mantivesen relacións diplomáticas con España, ou que estivesen sometidos a cautelas polas Nacións Unidas ou pola Unión Europea. Mesmo sería inaceptable que se desenvolvesen con Estados que violentasen intereses galegos -pensemos na expulsión ou acoso sistemático a

investidores galegos, a buques de capital galego, a traballadores do noso país, etc.-, dado que o dinamismo da escena internacional non pode estar constreñido polas previsións normativas, polo que hai espazo para o criterio de oportunidade política.

Para pechar, dende a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea e a Dirección Xeral da Administración Local, animamos pois aos concellos galegos a aproveitar estas novas oportunidades cara ó exterior, xa que poden contribuír substancialmente a mellorar a proxección foránea de Galicia. Toda axuda e cooperación é pouca, considerando a nosa limitada escala nun mundo globalizado e tan cheo de riscos como de oportunidades. Galicia somos todos e por iso todos debemos turrar dela para situala no lugar que lle corresponde no mundo, pola súa cultura, pola súa historia e máis pola súa consideración como fogar e cerne dun pobo expandido alén o mar.

Alberto Lema, *Concelleiro de Emprego e Economía social do Concello da Coruña.*

NOTAS PARA UNHA ESTRATEGIA EXTERIOR DA CORUÑA

A Coruña, pola súa natureza de cidade portuaria atlántica e pola súa posición estratéxica como enclave na ruta que conecta o Atlántico norte co sur, co Mediterráneo e África, vén relacionándose co mundo a través do mar probablemente desde a Prehistoria e, sen dúbida, desde os romanos que levantaron aquí o que aínda é hoxe o símbolo da nosa cidade e primeiro vocativo: o faro, a Torre de Hércules, desde a que se pode albisca Irlanda nun día propicio.

Foron pois as relacións a través do mar as que estableceron de xeito inevitable os primeiros lazos internacionais da nosa cidade nun tempo no que a comunicación marítima resultaba a máis rendible en termos de eficacia temporal. Así, fomos a porta de entrada en Galicia dos peregrinos ingleses e irlandeses ofrecidos ao Apóstolo que lle deron nome ao noso Camiño Inglés en tempos anteriores ao cisma daquel rei casamenteiro que foi Henrique VIII. Esas lazos permanecen hoxe solidificados coa recuperación da certificación do noso Camiño polo Cabido Compostelán e sérvenos tamén como credencial e presentación ante dous pobos orgullosamente coñecedores e amantes da súa historia: o inglés e o irlandés. Ademais dos pobos anglosaxóns alén do Atlántico: Estados Unidos e o Canadá.

Pero o mar foi moitas outras cousas para a nosa cidade; foi a ruta pola que se estableceron relacións comerciais no seu tempo co norte de Europa e que aínda permanecen hoxe na memoria dos cruceiristas ingleses cando, recalando na Co-

ruña, descubren nos Xardíns de San Carlos a tumba do xeneral Sir John Moore, caído na Batalla de Elviña; nos lazos estreitísimos coa outra beira do Atlántico que son produto da emigración masiva desde A Coruña á Arxentina ou Cuba desde a segunda metade do século XIX e que fixeron da nosa cidade a verdadeira capital política e cultural dos primeiros galeguistas, a Cova Céltiga, os mesmos que trouxeron á nosa cidade, en longa procesión cívica e marítima, o cadáver de Curros finado na Habana. E, por último, o mar son tamén e, sobre todo, os mariñeiros, os mariñeiros coruñeses que descubriron a riqueza pesqueira do Mar de Irlanda, que chamaron Gran Sol, e que fan da lonxa coruñesa o primeiro mercado en facturación de peixe fresco do estado español, o mesmo estado que os abandona decote cando chega a hora de negociar en Bruxelas a cota da nosa flota.

O goberno da Coruña é consciente de que todo este legado histórico e cultural vinculado ao noso mar -o Atlántico, tantas veces relegado ou oculto de xeito consciente polas sucesivas administracións anteriores, sempre obsesionadas e en exclusiva coa conexión madrileña- debe ser incorporado de vez á súa estratexia turística, tanto desde o punto de vista da imaxe e o marketing turístico, como en moitos outros aspectos relacionados, por exemplo, coa gastronomía ou o estilo de vida. Todo isto puxémolo de manifesto de maneira participada co sector á hora de impulsar o Plan Estratéxico de Turismo da Coruña para o marco 2017-2020, que entre outros asun-

tos postos de manifesto na súa fase de diagnose, identificou como debilidade a falta dunha visión estratéxica na promoción exterior da cidade, e non unicamente da turística, senón da cidade e dos seus sectores produtivos e sociais no seu conxunto.

A Coruña viuse así sometida historicamente a unha excesiva dependencia dos fluxos internos de capital e persoas do estado español, un sometemento que é patente en números como os dos desprazamentos de viaxeiros desde Alvedro, no que a ruta a Madrid constitúe máis dun cincuenta por cento do total da pasaxe anual. É necesario, pois, pensar alén das fronteiras do estado, procurando destinos internacionais que atraían novos turistas, si, pero tamén novas culturas, novas experiencias e novas posibilidades de investimento á nosa cidade, sempre entendendo a proximidade de Lavacolla como unha oportunidade da que debemos servirnos para reforzar, complementándoa, a nosa oferta de destinos.

Porque agora é o aire e non o mar a vía de acceso prioritaria dos visitantes estranxeiros á nosa cidade, e a ausencia dunha planificación da política aeroportuaria galega, que debера promover a Xunta de Galicia, deixa en mans das corporacións locais o esforzo en solitario na procura de novas rutas para os aeroportos galegos, un acto de desidia histórica que contrasta co vigor e o crecemento continuados da gran plataforma do sur: Sa Carneiro, verdadeira pedra angular no gran desenvolvemento atinxido por Porto, en todos os aspectos, na última década, que resulta a estas alturas, máis que un competidor, un verdadeiro acaparador do tráfico aeroportuario de todo o noroeste peninsular, con todo o que isto significa en termos económicos. O aeroporto da Coruña ten pendente, neste sentido, ampliar a nosa conectividade con algún dos grandes aeroportos europeos con carácter de *hub* internacional para

así aliviar a nosa dependencia do gran *hub* londinense que é Heathrow na incerta perspectiva do *brexit* e as súas consecuencias previsibles (entre elas, as do empobrecemento da relativa liberdade aduaneira de hoxe en día).

Ademais da cuestión da accesibilidade aérea, que se verá sen dúbida afectada pola chegada do AVE nese horizonte dubitativo do 2020/2021, o goberno da Coruña procura, sempre de xeito coordinado co sector privado, establecer lazos comerciais con destinos e mercados que consideramos de interese. Neste sentido, Porto aparece como un dos socios imprescindibles no noso desenvolvemento a medio prazo e, por extensión, o mercado portugués.

Como xa se comentou máis arriba, a Europa do chamado Arco Atlántico -Illas Británicas, Irlanda, costa francesa, Países Baixos e mesmo a tríade escandinava- é outra das nosas grandes áreas de interese que ofrece, ademais, unha morea de casos de conversión feliz do porto da cidade en elemento tractor de mudanza e adaptación de todo o entorno urbano ás economías do século XXI, unha cuestión que nos ocupa e preocupa particularmente nos últimos tempos na Coruña.

Nunha segunda escala de proximidade, América Latina e Norteamérica resultan territorios de particular interese polo aproveitamento dos lazos aínda vivos da emigración galega e, nun terceiro anel, as zonas de interese máis afastadas de nós, ás veces nun sentido máis cultural que xeográfico, como son os casos de Rusia e China, que representan a oportunidade de inmensos mercados abertos á iniciativa dos nosos empresarios máis audaces dos sectores do téxtil ou o alimentario.

Dende o goberno local gustaríanos, coma sempre, aproveitar a entrada en vigor da EGAEX Post 2020 para sumar sinerxías institucionais e contar cunha colaboración leal e cómplice coa Xunta de Galicia. Oxalá desta vaia.

Lara Méndez López, Alcaldesa do Concello de Lugo.

A ACCIÓN EXTERIOR NO CONCELLO DE LUGO

A proxección de Lugo no exterior é un obxectivo no que o Concello traballa de maneira transversal, dende todas as áreas municipais da institución, dende hai máis de 20 anos e dende dúas vertentes, a cooperación internacional, sendo a día de hoxe un dos poucos concellos de Galicia que mantén unha achega anual a través dos Orzamentos municipais para este eido, e a difusión do excepcional patrimonio cultural da cidade no máis amplo sentido da súa concepción (monumental, arqueolóxico, paisaxístico, natural, gastronómico, lingüístico ou humano).

Un indubidable punto de inflexión nesta carreira continua de proxección exterior constituíuno o nomeamento da Muralla romana, o buque insignia da cidade, como ben Patrimonio da Humanidade pola Unesco no ano 2000. A repercusión foi sobresaínte: nestes 18 anos, o número de turistas que visitaron a cidade aumentou máis dun 92%.

Este fito tivo continuidade no verán do 2015 coa declaración como Ben Mundial da Catedral de Lugo, a única que ostenta o privilexio da exposición permanente do Santísimo Sacramento, e do Camiño de Santiago, que atravesa o municipio con 30 quilómetros de percorrido. Deste xeito, Lugo converteuse nunhas das poucas cidades do mundo con tres patrimonios da humanidade.

A integración de Lugo no ano 2002 na rede mundial de Reservas da Biosfera como parte da Reserva Terras do Miño foi un pulo determinante máis na proxección internacional do municipio. Precisamente, o eido medioambiental e o desenvolvemento sostible en xeral, e o entorno

do Miño en particular, foron piares nas candidaturas que o Concello de Lugo presentou nas máis recentes convocatorias de fondos da Unión Europea co fin de poñer en valor ese patrimonio natural e acentuar a súa proxección. Entre outros programas con financiamento europeo -que suman en total 22 millóns de euros-, Lugo conseguiu o *Lugo+Biodinámico*, dependente dos fondos Life, que inclúe accións de loita contra o cambio climático a través do desenvolvemento urbanístico sostible e a introdución dun novo modelo produtivo baseado na madeira como material estrutural da construción, tendo en conta que Galicia no seu conxunto, e en particular a provincia, é unha potencia forestal. Tamén acadou o programa *Muramiñae, da Muralla ao Miño*, dependente da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI), que busca eliminar a discontinuidade urbana que a día de hoxe existe entre o centro da cidade e o río Miño, que dispón de amplas zonas de lecer e deportivas.

Outro piar da acción exterior que desenvolve o Concello son os irmandamentos con outros territorios do mundo cos que Lugo ten similitudes ou lazos de unión. Destaca neste senso o irmandamento asinado hai dez anos entre Lugo e a cidade china de Quinhuangdao, e entre a Muralla Romana lucense e a Gran Muralla China, un acordo que recolle o compromiso de establecer relacións diplomáticas e colaborar na promoción económica, cultural e educativa das dúas cidades. No marco deste irmandamento, houbo unha visita de representantes institucionais e empre-

sariais lucenses a China e outra a Lugo dunha delegación de autoridades e representantes do mundo das finanzas de Quinhuangdao, que serviron para reforzar lazos afectivos e comerciais.

Como exemplos máis recentes da proxección internacional de Lugo está a participación do Concello a finais do ano pasado nun congreso celebrado en Bruxelas con motivo do Día Europeo das Persoas con Discapacidade. Fomos invitados pola Comisión Europea a este encontro para expoñer o modelo de mobilidade que desenvolvemos na cidade, tanto os avances acadados nos últimos vinte anos, como as medidas emprendidas na actualidade e os retos futuros. A invitación produciuse despois de que o Concello recibise a Mención Especial dos Premios Europeos de Accesibilidade polo programa europeo Smart City, que ten en marcha para a modernización tecnolóxica da Administración local. O Concello tomou parte así mesmo a principios do pasado mes de marzo nun congreso organizado

pola UNESCO en Croacia, na cidade de Sibenik, sobre a xestión urbana de cidades amuralladas en Europa, ao que Lugo foi invitada por contar coa Muralla como Patrimonio da Humanidade.

O Concello tamén traballa para que Lugo teña nome propio a nivel internacional no mundo do deporte. Neste senso, despois do verán a cidade será sede da décima edición do World Pádel Tour, unha competición de nivel mundial na que participarán os deportistas máis destacados desta modalidade.

En canto aos retos inmediatos nos que traballa o Concello e que incrementarán a proxección exterior de Lugo, están a declaración do casco histórico da cidade como ben Patrimonio da Humanidade; o nomeamento da festa de recreación histórica Arde Lvcvs, centrada no pasado romano de Lugo, e as patronais de San Froilán como festas de interese turístico internacional; así como a entrada de Lugo na rede de cidades creativas da UNESCO, na categoría de gastronomía.

Jesús Vázquez, Alcalde do Concello de Ourense.

OURENSE LÁNZASE AO MUNDO PARA BRILLAR CON LUZ PROPIA

A cidade de Ourense reivindica o seu lugar no mundo poñendo en valor e dando a coñecer os seus recursos nun escaparate que se cingue cada vez menos ás fronteiras físicas. Por iso, a Capital termal de Galicia sae ao exterior buscando novos mercados para a súa oferta turística e potenciais investidores que se interesen no aproveitamento dos seus recursos endóxeos. Ourense lánzase ao mundo para brillar con luz propia. E asume a tarefa con ambición.

China, a segunda economía mundial cun ritmo de crecemento sostido, é novo foco de proxección da cidade, un obxectivo estratéxico que afrontamos desde o mes de abril a través dunha visita institucional a Beijing, un reto para abrir novas fronteiras de desenvolvemento de Ourense e de Galicia.

Ourense promociónase en China como destino turístico de patrimonio e de investimentos no marco do International Mayor's Forum on Tourism, buscando así promover o intercambio e a cooperación entre cidades e singularizar a súa oferta como cidade termal, única no estado español.

O termalismo é a nosa carta de presentación, o noso feito singular, o que confire á nosa cidade personalidade propia desde o comezos dos tempos, mais tamén a aposta estratéxica de presente e futuro, pois constitúe unha riqueza única na súa contorna, cun potencial de desenvolvemento enorme nos campos do turismo de saúde, mais tamén no sector da investigación, desenvolvemento e innovación, na medida en

que sexamos quen de rentabilizar a riqueza xeotérmica en diferentes sectores, desde a iniciativa pública e privada.

Ourense sae ao exterior, na procura de aliados que queiran participar dos seus retos de futuro. Facémolo nun país, China, cuxa economía medra ao 6,8%, consolidándose como segunda potencia mundial, cuns índices de consumo que non deixan de mellorar, no que as vendas a por menor medran ao 9.8% ata chegar aos 1,16 billóns de euros, e o investimento privado sobe un 8,9% interanual.

Ourense busca o seu sitio, o de brillar con luz propia no mundo. Asume así con ánimo e convicción o papel que a estratexia galega nos encomenda aos concellos como suxeitos activos da acción exterior galega.

Os concellos queremos exercela e ser líderes de referencia das nosas contornas. Esta realidade, seguramente común á totalidade de municipios no contexto actual, ten sen dúbida unha indubidable xustificación adicional no caso de Galicia, unha comunidade cuxa realidade desde hai séculos transcende fronteiras. Ao longo dos tempos, a nosa comunidade tense expandido no exterior, tanto en Europa como América, ata crear unha comunidade cun peso específico verdadeiramente extraordinario. Pódese afirmar que con estes galegos e galegas que emigraron, tamén o fixeron as nosas cidades.

Galicia no exterior é Compostela, mais tamén é Ourense, A Coruña, Vigo, Lugo, Pontevedra, Ferrol, e tantas outras localidades das que

saíron un día eses galegos e esas galegas que hoxe son, xunto ás súas familias, os embaixadores da nosa terra no mundo.

Os tempos actuais demandan das cidades un paso máis, esíxennos un especial dinamismo e capacidade de innovar: idear iniciativas, proxectos, estratexias, que poñan o noso territorio no mapa e con el consoliden a posición de Galicia no mundo.

Niso estamos. A cidade de Ourense reivindica o seu protagonismo e o seu lugar no mundo facendo gala do seu principal recurso endógeno, que é tamén o definatorio da súa identidade, a causa da súa orixe e o foco de desenvolvemento económico: a súa condición de Capital Termal de Galicia.

En Ourense manan cada día máis de tres millóns de litros de augas termais, con máis de 70 mananciais rexistrados, que nos convierten nunha das cidades máis ricas de toda Europa neste recurso. Con instalacións idóneas para a relaxación e o placer, mais tamén con propiedades terapéuticas, indicadas para o reumatismo, a pel ou doenzas musculo-esqueléticas, entre outras aplicacións.

Falar de termalismo en Ourense é referir máis de dous mil anos de historia, nos mananciais de As Burgas, onde os primeiros poboadores romanos levantaron edificios para o culto e disfrute das augas termais, iniciando unha tradición que chega ata os nosos días.

Máis a oferta de Ourense é moito máis ampla, Ese océano de augas termais que se estende baixo a superficie da nosa cidade, emerxe nunha contorna de incomparable beleza nas marxes do río Miño, onde unha ruta de 15 kilómetros de senda peonil lévanos a disfrutar ata 7 instalacións termais nas que descansar e relaxarnos mentres gozamos dun baño en plena natureza, ao aire libre, ben sexa inverno ou verán.

Aliados estratéxicos

Ourense quere ser motor do sector do turismo de saúde a nivel internacional. Desde o Concello de Ourense optamos por posicionarnos a un nivel nacional e internacional, a través dun órgano estratéxico: a Asociación Europea de Cidades Termais e Históricas (ETHHA, polas siglas en inglés), aliada das nosas políticas de promoción a nivel europeo, ligada á oferta da nosa riqueza cultural, patrimonial, e a nosa participación de recursos coma o Camiño de Santiago, do que formamos parte, e a Ruta do Patrimonio Termal.

A EHTTA é a rede termal máis importante de Europa, na que están presentes cidades como Baden Baden, Bath, Budapest, Vichy e a propia capital ourensá, unha das fundadoras, ao tempo que forma parte do Itinerario Cultural Europeo das Cidades Históricas Termais.

Este mes acudimos ao comité executivo da asociación europea, e no mes de outubro sere-mos sé da asemblea xeral.

Traballamos tamén desde a Federación Española de Municipios e Provincia, formando parte do Consello de Goberno de Vilas Termai, e desde o Foro Termal do Eixo Atlántico, rede de municipios galegos e portugueses con augas termais mineromedicinais, no desenvolvemento de estratexias conxunta de promoción, posta en valor e divulgación da cultura e o patrimonio termal na Eurorrexión. Facémolo tamén con outro sensacional aliado: a Fundación Feiras e Exposicións de Ourense, Expourense, que foi quen de implementar na cidade Termatalia, a feira internacional de maior prestixio no sector do termalismo-. Unha iniciativa que suma xa nada menos que 18 edicións, tres delas en Latinoamérica (México, Arxentina e Perú), propoñendo Ourense como referente do sector.

A feira, logo da súa excelente traxectoria, deu un salto internacional, e de feito este mes-

mo ano se celebrará en Foz de Iguazú, no Brasil, para converterse un ano máis en centro de negocios e coñecemento que reunirá a profesionais de máis de 25 países. O bo facer de Expourense e a súa feira Termatalia son mecanismos privilexiados para o diálogo co continente americano e a internacionalización da cidade.

E coa Universidade de Vigo e o apoio da Xunta de Galicia, impulsamos o proxecto do Campus da Auga, para converter Ourense nun campus líder na investigación e na innovación aplicada ao desenvolvemento.

Proxectos pioneiros e innovadores

Mais queremos ir aínda máis aló. Sabemos que a xeotermia é un recurso cun potencial de desenvolvemento absolutamente extraordinario, e aí quixemos implicar a ata unha ducia de socios internacionais, cos que estamos a traballar no proxecto Xeoatlantic para extraer o mellor rendemento e aproveitamento ao noso recurso como fonte de enerxía. Son socios que nos achegan experiencia, coñecementos e propostas cos que desexar o noso futuro.

Queremos que Ourense sexa unha cidade referente a nivel da xeotermia. E temos bos compañeiros de viaxe. Vai uns días tivemos a oportunidade de presentar en público o proxecto Ecobarrio. A implicación da Xunta de Galicia, a través do seu presidente Alberto Núñez, e o apoio da Unión Europea, a través do comisario de Acción polo Clima e Enerxía da Comisión Europea, Miguel Arias Cañete, permitiunos deseñar un proxecto que vai converter Ourense nunha cidade pioneira na loita contra o cambio climático, na redución de consumo enerxético e no aproveitamento dos recursos naturais.

O proxecto establecerá no histórico barrio de A Ponte a primeira rede de xeotermia de Europa, aproveitando esta fonte de enerxía natural

para abastecer de calefacción e auga quente a medio cento de edificios da contorna, un exemplo de que existe outra forma de facer urbanismo e outra forma de facer cidade: máis respectuosa co ambiente e con maior calidade de vida para os veciños.

Desde Ourense seremos pioneiros en Europa, e poremos novamente de manifesto o potencial da nosa comunidade no ámbito das enerxías renovables.

Coa posta en marcha do primeiro Ecobarrio na comunidade, Galicia pasará a ser un referente en xeotermia. Non en van, un dos principais obxectivos será establecer na zona a primeira rede de xeotermia de Europa, aproveitando esta fonte de enerxía para abastecer de calefacción e auga quente a medio centenar de edificios do contorno.

Cun investimento de 20 millóns de euros e a creación de 300 postos de traballo, o titular da Xunta lembrou ademais que esta iniciativa prevé mellorar a eficiencia enerxética un 20%, que o 20% da enerxía consumida proveña de fontes renovables e reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro un 30%.

Futuro

Os froitos van chegando, mais aínda queda moito por acadar. A aposta internacional de Ourense acolle tamén certames que apostan polo seu dinamismo cultural -por iso se coñece a nosa cidade coma a Atenas de Galicia- e, neste caso, un referente: o Festival de Cine Internacional, que cumpre 20 anos destacando Ourense no mapa audiovisual e converténdonos en punto de encontro de creadores e profesionais de todo o mundo.

Ourense busca o seu lugar, e nese reto estamos, achegando o que nos toca aos concellos; liderado, proxectos e estratexias, buscando facer

chegar ao mundo un proxecto de cidade amable, hospitalaria, acolledora, humilde máis tamén ambiciosa, que non é máis ca o reflexo do seu maior potencial: a calidade humana das súas xentes, que brillan no mundo e desexan compartir con el todo o que a Natureza nos legou.

Anabel Gulías, Concelleira de Promoción da cidade, turismo e urbanismo do Concello de Pontevedra.

PONTEVEDRA: INTRODUCCIÓN, NUDOS E DESENLACES

A ORIXE: UN PROXECTO POLÍTICO.

Que pode explicar que unha cidade de 84.000 habitantes logre que metrópoles do mundo miren cara ela? A resposta non por breve perde a complexidade. Trátase de ter definido un proxecto político propio.

Se ben o escrito pode parecer un spoiler define o necesario da planificación previa para unha transformación desde o ámbito local.

Os procesos políticos son longos e o marco legal ou as regras de xogo reparten competencias entre os niveis institucionais. Nesta realidade posíbel é onde ti constrúes e transmites a túa alternativa. O primeiro paso é que a proposta sexa factíbel e real e os tempos axustados sobre todo ao obxectivo definido.

O obxectivo en Pontevedra estaba claro, facer da cidade un lugar habitábel. O camiño era a recuperación do espazo público para todas as persoas independentemente da súa condición, física ou social. Noutra clave, o dereito á cidade como espazo, apropiación tamén para economía e para o desenvolvemento.

Neste proceso atopamos a lóxica das competencias. Os gobernos locais teñen plena capacidade para a ordenación dos espazos. Non a teñen para outras cuestións, e enténdase a descrición non como escusa senón como realidade (sen dúbida merecente dun debate a parte). De feito o caso de Pontevedra pode ser considerado coma un exemplo, se alguén o considera oportuno, de como se pode abrir camiño no marco

vixente. Desde un concello é difícil marcar pautas en política de acción exterior ou económica e iso ten a súa lóxica. Os modelos deben e teñen que vir definidos para todo o País e non para un so concello. Por iso é indispensable que a acción exterior e as liñas estruturais da política económica sexan elaboradas pola Xunta de Galiza e nun escenario ideal avaladas por colectivos que levan tempo traballando para destaque de Galiza no mundo.

Se ben desde os concellos podemos contribuir a través de convenios ou acordos puntuais para a promoción do país, a responsabilidade debe recaer en quen ten os recursos e as posibilidades para facelo. Non vou entrar a definir as políticas da Xunta sobre acción exterior mais é preciso dicir que nunca se puxeron en contacto para veren de aproveitar o periplo internacional de Pontevedra e trazar liñas de traballo conxunto que puidesen beneficiar a todos e todas. Agarremos que a aprobación da EGAEX poida abrir novos camiños e espazos de colaboración institucional sempre tan necesarios. Tempo teremos para analizalo.

AS ACCIÓNS: A DECISIÓ POLÍTICA.

O proxecto de transformación toma forma inmediatamente no momento no que se decide executar o prometido. Tendo a humildade de escoitar as propostas que chegan pero coa firme determinación de cumprir o mandato. Son moitas as medidas adoptadas mais acostuma-

mos dicir sempre que foi un proceso integral e holístico sen departamentos implicados e plans farragosos con cadros de mandos interminábeis. Todo a equipa de goberno supeditaba as accións ao obxectivo: facer Pontevedra habitable. Así chegaron os cambios drásticos na política de prioridades: na mobilidade con entornos seguros e accesíbeis para fomentar a autonomía e a seguridade, deseño para feminización do espazo, actividades en rúas e prazas para dignificar o colectivo... e así poderíamos seguir con liñas estratéxicas que debuxan centos de actuacións concretas.

Dúas condicións máis. A primeira, o acompañamento da cidade, as decisións son compartidas coa veciñanza, e coa condición de escoitar sen medo as aportacións. Este proceso de transformación urbana de Pontevedra non tería sido posíbel sen a complicidade da cidade. Matiz obrigado dicir que é imposible tomar todas as decisións por consenso e que se debe avanzar sen medo as discrepancias se xa teñen analizados todos enfoques. A outra condición é o carácter integral do proxecto, a calidade do espazo en toda a cidade evitando a concentración nunha zona.

OS RETORNOS: INTERNACIONALIZACIÓN.

De todo proceso débense analizar os resultados. Ademais dos beneficios para a calidade urbana en forma de indicadores por cada ámbito (redución de CO2, máis de sete anos sen vítimas mortais de accidentes de tráfico, crecemento da poboación...) é moi interesante un resultado inesperado que sumamos: o posicionamento internacional .

A medida que avanzamos fomos recollendo no camiño algunha mención internacional, que abría a porta a algo moi interesante. As chamadas para compartir palestras explicando o proceso

de transformación pontevedrés. E foi importante por poder seguir aprendendo e compartindo experiencias con académicos/as, responsábeis políticos/as, axentes sociais... Todos nos permitiron seguir aprendendo para estudar novas ideas e iniciativas que adaptadas a nosa realidade facilitaban novas melloras. Esa retroalimentación tan gratificante para nós tamén abría outra porta. Todas as viaxes, todos os encontros, todas as palestras, todas as entrevistas. Todo é un engadido de luxo para poder falar de posicionamento internacional.

E así hoxe Pontevedra é unha das referencias mundiais de transformación urbana e comparte espazo con outros exemplos e con outras metrópoles, xerando artigos en medios especializados e convencionais, recibindo convites de foros internacionais de prestixio, saíndo en prime time nas televisións do mundo.... Sería interesante poder cuantificar isto en termos de marketing ou en termos monetarios?

Faltaría relacionar o posicionamento co resultado na autoestima da poboación mais non quero desviar a atención do tema. Como dicíamos, Pontevedra foi ocupando un lugar no mundo. Unha cidade de apenas 84.000 habitantes recollendo un premio da ONU é un reclamo para espertar a curiosidade de moitas persoas que se achegan a Pontevedra e outras que preguntan polo miúdo o como, o cando e o con quen...?

E neste afán por afondar nos detalles descubrimos outra potencialidade. O modelo abrindo a porta ao ecosistema empresarial da cidade. Dito doutro xeito cal é o papel da empresa privada nisto? As sinerxías son claras, desde o deseño do mobiliario urbano, até a tecnoloxía que fai máis cómoda a vida, pasando polo comercio que enche de vida ás rúas... todos aliados no cambio e por tanto beneficiarios da internacionalización do modelo.

E aí xurde a primeira misión comercial no ano 2017 de Pontevedra a México. Invitados polo ITAM (universidade mexicana) e polo Senado mexicano trasládannos o convite da Secretaría de Desenvolvemento Económico que nos brinda a oportunidade de tecer relacións comerciais en Expopymes (unha feira para favorecer o intercambio comercial e económico), o goberno de Cidade de México ofrece un espazo privilexiado a nosa cidade. Un percorrido que se estendeu por Querétaro, León, Celaya ... unha semana de axendas de empresas que tiñan o aval da delegación institucional encabezada polo Alcalde. A cidade como tarxeta de presentación foi un importante aliado segundo as empresas que formaron parte da misión. Tanto foi así, que neste ano volvemos a asinar un protocolo de colaboración con Secretaría do Desenvolvemento Económico, un protocolo entre unha cidade de 20.000.000 millóns de habitantes e unha de 84.000. Incluso nestes días en que escribo o artigo un grupo empresarial da cidade interesábase polos compromisos asinados para investir no país azteca, para iso tamén serviu a transformación urbana.

Os traballos de preparación foron inxentes; máis de 6 meses preparando xornadas de información previa na que contamos coa colaboración do ICEX (Estado Español) Pro Mex (embaixada mexicana) e por suposto co IGADI, magoa non poder contar co IGAPE, que decidiu organizar unha xornada co Partido Popular local. A expedición foi un éxito non só a nivel privado senón tamén no precedente que xerou. Creou a oportunidade permanente para que a economía local aproveite a referencialidade do modelo. Agora as empresas saben que poden acompañar as visitas internacionais se o estiman de interese, e que a recién creada área de promoción da cidade fará o posíbel para facilitar a súa introdución en destino.

CONCLUSIÓN: A POLÍTICA INDISPENSÁBEL.

En Pontevedra sempre se defendeu un xeito de facer política diferente, entendéndoa coma unha ferramenta de transformación nun contexto adverso.

Desde diferentes eidos a cidade foi quen de manter un discurso propio baseado na crenza de que confiando nas súas capacidades pode mirar de igual a igual e construír unha nova realidade.

Desde Pontevedra cremos que o mellor xeito de traballar o posicionamento internacional e coa POLÍTICA. Segura e certa, con obxectivo claro, que converta a teoría e realidade, posíbel e digna.

Pontevedra foi quen de construír un modelo propio que hoxe é referencia, sen renunciar a súa identidade. Neste camiño seguimos conscientes de que pasaron moitos anos de 1987, ano no que un único concelleiro nacionalista na corporación debuxaba a cidade imaxinada até o 2017 ano da misión pero que o traballo da procura da cidade elixida abre portas e novas realidades, ao mellor, impensábeis para ese primeiro grupo que definiu as bases dun PROCESO POLÍTICO.

Un proceso que permitiu a internacionalización e o posicionamento que hoxe debemos manter, para iso seguimos traballando para que a cidade non perda o seu lugar no mundo. No horizonte inmediato, o Mundial de Triatlón 2019 que acolleremos na cidade e a oportunidade do Xacobeo 2021, onde o camiño portugués ten para Pontevedra especial transcendencia.

Manuel González López, Grupo de Investigación ICEDE, Departamento de Economía Aplicada USC.

A ECONOMÍA GALEGA EN CLAVE INTERNACIONAL NO 2017

Introdución

A economía galega tivo un comportamento positivo en 2017 manifestado nun crecemento tanto do PIB como do emprego. Aínda así, mentres na variable produtiva xa se alcanzaron os niveis anteriores á crise, non así no referido á ocupación. Por outra banda, na recuperación do PIB galego ten moito que ver o comportamento do sector exterior. Tal e como veremos máis adiante as exportacións tiraron de forma sólida da demanda e compensaron dese xeito a febleza da demanda interna, particularmente do consumo familiar. O caso galego é paradigmático dun axuste baseado nunha forte contención dos custos, particularmente dos salarios, o que permitiu gañar competitividade exterior á costa de minar a demanda interna.


Analizamos a continuación o comportamento exterior da economía galega en 2017. Centrémonos nos datos de comercio internacional e de investimento estranxeiro directo, se ben somos conscientes de que a inserción exterior dunha economía depende tamén de outras variables. Incluímos unha breve sección na que damos conta das relacións económicas entre Galicia e o Reino Unido, para dese xeito contextualizar os posibles efectos do Brexit.

O comportamento do comercio exterior en 2017

Antes de analizar os datos do comercio exterior galego no ano 2017 cómpre facer dous apuntamentos que debemos ter presentes á hora de interpretar os resultados, ambos teñen que ver con problemas de dispoñibilidade de datos. En primeiro lugar, referirémonos só ao comercio de Galicia co resto do mundo pero sen contar o resto de España. En segundo lugar, analizaremos so o comercio de mercadorías, non o de servizos. Aínda que isto viña sendo o habitual nos estudos sobre o comercio internacional, cada vez é máis común incorporar tamén as transaccións exteriores de servizos diversos (telecomunicacións, transporte, consultaría, etc).

O ano 2017 foi, de novo, un ano onde se bateron récords no referido ao comercio exterior galego. As exportacións medraron un 8,2% até situarse no 35,5% do PIB, mentres que as importacións medraron un 10%, situándose no 29,1% do PIB. Isto dou lugar a un saldo comercial positivo tamén histórico, que acadou os 4.495,21 millóns de euros. Galicia reforzou por tanto o seu carácter de país exportador de mercadorías en contraste co conxunto español que, a pesares da mellora nos últimos anos, sigue amosando un importante déficit comercial.


Figura 1. Evolución do comercio exterior de Galicia (milleiros de €)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Instituto Galego de Estatística, 2018.

Os países da UE e en particular da zona euro son os nosos principais clientes e provedores (como é lóxico ao formar parte dunha mesma área económica e monetaria). Así, a UE-28 concentrou máis do 75% das nosas exportacións e o 56,3% das importacións, dando lugar a un importante superávit que medrou en 760 millóns de euros respecto a 2016. Por países son Francia, seguido de Portugal, Italia, o Reino Unido e Alemaña, os nosos principais socios comerciais. O resto de grandes áreas teñen un peso moito menor no noso comercio; destaca só América Latina a onde diriximos en 2017 o 5,6% das nosas mercadorías e de onde proceden o 10,6% das nosas importacións. Estados Unidos e China teñen un peso moito menor, se ben o 4,3% das nosas importacións en 2017 xa procedían do país asiático. Fóra dos países europeos e das grandes áreas cómpre destacar o comercio con Marrocos, que xa representa o 3,6% das nosas exportacións e o 2,2% das importacións, ámbalas dúas experimentaron un forte crecemento en 2017. Finalmente Galicia seguiu rexistrando en 2017 un importante déficit comercial cos países exportadores de petróleo dada a dependencia do noso país en relación a esta materia prima.

Figura 2. Comercio exterior de Galicia por grandes áreas en 2017 (milleiros de €)




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Instituto Galego de Estatística, 2018.

No referido ao comercio segundo a rama de actividade, como cabería agardar en 2017 non mudaron de xeito relevante os patróns da nosa especialización comercial, que sigue basculando

sobre os sectores da confección, do automóbil e o da alimentación. Estes tres sectores representan ao redor dun 60% das nosas exportacións e o 55% das importacións. En 2017 cómpre sinalar o bo comportamento dos sectores da coquería e refinación de petróleo, da fabricación de produtos metálicos, da industria química e o doutro

material de transporte. Do mesmo xeito, tanto os sectores da alimentación como o da confección e téxtil experimentaron un crecemento destacable neste ano. Por contra o sector do automóbil experimentou un certo retroceso caendo as súas exportacións, isto explica tamén que rexistrara un inédito e importante déficit comercial.

Figura 3. Comercio exterior de Galicia por ramas de actividade. Volume (eixo esquerdo en milleiros de euros) e variación (eixo dereito, %)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do (Instituto Galego de Estatística, 2018)

O comportamento do Investimento Estranxeiro Directo

Outra variable que dá conta da inserción económica internacional é o investimento estranxeiro directo (IED). Falamos daquel tipo de investimento que se dedica a actividades produtivas, ben mediante a implantación de empresas ou a través da adquisición de empresas xa existentes. Neste caso botaremos man dos datos de IED, tanto de entrada como de saída, fornecidos pola base Datalnvex da Secretaría de Estado do Comercio.


A situación de Galicia neste eido non mudou de xeito significativo en 2017 de tal maneira que se manteñen os trazos estruturais dos últimos anos. A saber, un IED de entrada moi cativo e un

de saída, o das nosas empresas no estranxeiro, máis elevado pero moi variable e dependente de investimentos concretos. Así, o IED chegado a Galicia situouse nos 100 millóns de euros en 2017 (4 máis que en 2016) mentres que o investimento dos axentes galegos no exterior acadou os 559 millóns de euros, menos da metade que en 2016. Por outra banda, tanto o IED de saída como sobre todo o de entrada son relativamente marxinais no conxunto español (un 2,8% e un 0,4% do total, respectivamente).⁽⁷⁾ En canto á especialización sectorial, o noso investimento no exterior céntrase no sector da construción

(7) As pautas de localización do IED de entrada poden estar condicionados polo efecto capital Madrileño, onde se sitúan moitas sedes centrais de empresas multinacionais que en realidade teñen a súa actividade noutras comunidades (González-López, 2016)

de edificios (41,5%) e nas actividades inmobiliarias (26,6%). Pola súa banda, o investimento en Galicia de empresas foráneas centrouse en 2017

case na súa totalidade no ámbito dos servizos asistenciais, en concreto en establecementos residenciais cun 78,26% do total.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da (Secretaría de Estado de Comercio, 2018)

O impacto potencial do BREXIT: O peso do Reino Unido no noso comercio e no IED


O ano 2017 foi o seguinte ao do referendo onde se decidiu a saída do Reino Unido da UE. A estas alturas, sen coñecer cal vai ser a resultante final das negociacións entre as autoridades británica e europeas, é moi difícil concretar o impacto desta decisión na nosa economía. Cómpre en calquera caso coñecer a importancia que teñen as relacións económicas internacionais entre Galicia e o Reino Unido.

O primeiro que temos que salientar é que o Reino Unido é un importante socio comercial de Galicia, representando nos últimos 10 anos unha media do 4,7% das nosas exportacións e do 3,7% das nosas importacións. Só Francia, Portugal e Italia superan ao Reino Unido en importancia como socio comercial galego. Dende o estoupido da crise até 2016 produciuse ademais un crecemento sostido das nosas exportacións ás Illas Británicas o cal, unido á caída das importacións dende 2013, derivou nun saldo comercial positivo até a actualidade. Curiosamente esta tendencia veuse cortada no ano 2017, rexistrándose unha redución das nosas exportacións en case

un 10% mentres que as importacións medraron un 1,1%.


Os sectores máis dependentes do comercio co Reino Unido en 2017 foron os de fabricación de produtos minerais (entre os que se atopan o granito e a lousa), a industria da madeira, a industria química e tamén a propia industria da confección. As vendas deste último sector ao Reino Unido superaron en 2017 os 540 millóns de euros. No referido ás importacións, a nosa economía ten certa dependencia do Reino Unido en produtos metálicos (fundición, ferro e aceiro e aluminio) así como en produtos químicos. Finalmente tamén a industria alimentaria ten no Reino Unido un provedor de certa importancia, neste caso de peixes e outros produtos do mar. En 2017 rexistráronse unhas importacións por valor de máis de 75 millóns de euros o cal, aínda representando só un 3,5% das importacións totais de peixe, o situaba como a rúbrica máis importante das nosas mercas ao Reino Unido. Ao contrario do que podería pensarse Galicia ten un saldo moi negativo nos produtos do mar en relación ao Reino Unido seguramente asociado ás actividades da flota galega nos caladoiros británicos.

Figura 5. Comercio entre Galicia e o Reino Unido (milleiros de €)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do (Instituto Galego de Estatística, 2018)

Figura 6. Comercio entre Galicia e o Reino Unido segundo rama de actividade (milleiros de €)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do (Instituto Galego de Estatística, 2018)

No referido ao investimento estranxeiro directo (IED) entre Galicia e o Reino Unido, os datos indican a súa importancia posto que máis do 20% do IED chegado a Galicia nas dúas últimas décadas tiña orixe no Reino Unido. Por contra, algo menos do 10% do IED galego total nese período se dirixiu a ese país. Aínda así as empresas galegas investiron máis no Reino Unido que ao revés, tendencia que se agudizou nos anos máis recentes. De feito no ano 2017 mentres o IED de Galicia no Reino Unido superou os 116 millóns de euros o IED do Reino Unido en Galicia foi practicamente residual,

con apenas 100.000 euros. Por sectores, se ben non temos datos completos para 2017, a serie dos últimos 20 anos indica que o IED galego no Reino Unido se centrou no sector inmobiliario (un 76% nin máis nin menos), seguido a moita distancia polo sector do comercio polo miúdo (cun 13,6%) e a máis aínda polo comercio ao por maior. Sen contar con información fidedigna aventurámonos a indicar que esta actividade investidora asociada ao sector inmobiliario e en menor medida ao comercio polo miúdo ten a ver, directa ou indirectamente, co holding asociado a Inditex. En canto ao

IED do Reino Unido en Galicia, o principal sector de destino foi o sector de actividades auxiliares aos servizos financeiros (61%) seguido a certa distancia polo sector químico (26%).

Conclusións

Desta breve análise dos vínculos internacionais da nosa economía no ano 2017 podemos concluír que foi un ano positivo en canto ao comercio, acadándose un récord histórico nas exportacións e no saldo co exterior e en particular coa UE. Consólidase por tanto unha tendencia impulsada pola crise e por unha recuperación baseada na contención de custes, en particular das rendas salariais. En segundo lugar, en 2017 a industria da confección da man do fenómeno Inditex consolidou tamén a súa posición de primeira industria exportadora do país, xa por riba da industria do automóbil, que experimentou un pequeno retroceso. En calquera caso, outros sectores de menor dimensión pero importantes na nosa economía tales como a industria alimentaria, a de produtos metálicos, a química ou a da madeira, tiveron tamén un bo comportamento. En terceiro lugar, Galicia seguiu como un territorio pouco atractivo para a atracción de investimento estranxeiro. Porén, o investimento galego no exterior aínda sen ser especialmente elevado no contexto español, tivo maior relevancia da man dos investimentos asociados aos sectores da construción e ao inmobiliario. Finalmente, da análise feita das nosas relacións económicas co Reino Unido co ánimo de contextualizar o impacto do Brexit na nosa economía, despréndese a importancia deste país como socio comercial de Galicia. En particular o Reino Unido foi un destino relevante para as nosas vendas no exterior do sector da confección, da industria dos produtos minerais e da industria da madeira.

Referencias

- » González-López, M. (2016). A economía galega en perspectiva internacional: avances, feblezas e retos de futuro. *Tempo Exterior*, (33), 69–83.
- » Instituto Galego de Estatística. (2018). Comercio exterior e intracomunitario. Recuperado de https://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307004001
- » Secretaria de Estado de Comercio. (2018). DataInvex. Recuperado de <http://datainvex.comercio.es/>

María Xosé Porteiro, xornalista e antiga delegada da Xunta de Galicia no exterior 2007-2009.

HAI DÚAS GALICIAS QUE PRECISAN CONEXIÓN. CENTROS GALEGOS, A PATRIA SIMBÓLICA

Montevideo, La Habana e Buenos Aires son as capitais nas que Galicia tivo os mellores Centros Galegos na historia da nosa Diáspora. Os tres edificios que albergaron edificios co mesmo nome e espírito: Centro Galego de... foron considerados dos mellores da súa época, nomeadamente o de Cuba que é, arquitectonicamente, o máis notable. Foi tamén o primeiro dos que perdeu a nosa colectividade por serlle expropiado polo goberno revolucionario en 1961, sen que se dese calquera clase de reclamo -nin daquela, nin despois- polo patrimonio perdido para Galicia. O de Buenos Aires está a piques de ser vendido para resolver a débeda millonaria que a entidade ten co fisco arxentino e o de Montevideo segue funcionando sen demasiados atrancos.

É ben certo que o caso arxentino ten a engádegas da existencia dun Hospital que foi dos mellores do país ata cair nunha ruína case absoluta, tamén pola propia lexislación arxentina e o seu sistema mutualista diferente do español e co que tivo de convivir. Xa se verá que acontece, tanto co edificio, ubicado nun lugar céntrico e revalorizado urbanisticamente, coma coas súas impresionantes biblioteca, pinacoteca, teatro e hospital. Estáse debatendo a fórmula para resolver a débeda en negociacións entre o goberno arxentino e a sociedade que aínda conta con máis de 4.000 membros. O Consello da Cultura e varios intelectuais do país teñen reclamado que se protexa a herdanza que xeracións de emigran-

tes deixaron para as vindeiras e que agora poden pasar a ser obxecto de especulación por intereses moi diferentes ao estrictamente cultural e identitario. Pero iso será obxecto doutra análise posterior cando os feitos desvelen a verdadeira situación e se podan considerar as súas causas e valorar as solucións procuradas, se as houber.

Sirva o caso do Centro Galego de Buenos Aires como punto de partida para unha reflexión sobre a patria simbólica que a Diáspora construíu alí onde foi. Un dos laios máis frecuentes entre quen adoecen pola posible venda a unha Fundación arxentina, é que alí morreron os seus devanceiros, ou que alí naceron eles, coma se fose unha traslación da terra galega orixinaria a dez mil quilómetros, mar por medio. Ese sentimento de pertenza vai máis alá de ter un lugar determinado para recibir asistencia médica, ou para celebrar o día do Apóstolo; transmítese de xeración en xeración, pero non tivo a valoración sociolóxica, política ou económica que debiera por parte da Galicia territorial, onde a emigración deixou de ser algo de que ocuparse por parte da maioría da poboación que a veu coma unha excusa política para procurar apoios electorais máis que como algo co que establecer un auténtico vínculo afectivo e recíproco.

Estamos nuns intreos en que se vai poñer a proba a saúde da relación entre estas dúas Galicias polo propósito da Xunta de que se veñan para aquí persoas xóvenes, nadas na emigra-

ción, din que para que manteñan o contacto coa terra orixinaria, pero máis ben semella que pola necesidade de frear o alarmante e imparabile desgaste demográfico.

Galicia territorial, a Patria real.

O Instituto Galego de Estatística asegura que nos seguintes quince anos teremos un cuarto de millón de habitantes menos: o dez por cento da poboación actual. Somos unha das rexións europeas con maiores niveis de envellecemento e peores taxas de natalidade e mortalidade. Se a eses 245.000 habitantes se suman os 132.000 que xa se perderon nos quince anos anteriores, chegaremos a 2031 con medio millón de habitantes menos que no comezo deste século cun ritmo de perda media de 35 por día.

É o chamado “inverno demográfico galego” no que inflúe a redución nun 50% da taxa de fecundidade respecto a 1975; que hoxe, un de cada catro galegos teña máis de 65 anos; que só o 15% teñan menos de 20, e que a idade media dos residentes nas dúas terceiras partes do país supera os 50. Isto conleva un elevado gasto en pensións (temos as máis baixas) onde son pensionistas o 35,3% da poboación. Sumado ao paro sistémico e a caída das cotizacións, o déficit público xa sobrepasa os 400 millóns de euros ao mes.

Esta fotografía da situación dáse a volta no exterior onde os nacementos en 2016 aumentaron en máis de oito mil persoas. Non se poden computar como emigrantes porque naceron fóra e foron inscritos no Padrón de residentes no estranxeiro como permite a Lei de Memoria Histórica. Nese ano eran máis os nados na diáspora: 358.374, ca os nados en Galiza: 153.456.

A Xunta ven de presentar a Estratexia Retorna 2020, dirixida aos galegos menores de 45 anos que viven no extranxeiro, con iniciativas so-

ciais, informativas, educativas e -aseguran- laborais e de emprendemento, para animalos a instalarse en Galicia. Do total de galegos residentes fóra, 7 de cada 10 xa naceron na diáspora, e a Xunta defende esta estratexia “para reforzar os vínculos coa terra dos seus devanceiros” como un obxectivo fundamental da súa política, pero non fai nada para conservar os que se crearon nos países de acollida, como o caso de Buenos Aires deixa ás claras.

Estratexia para a conexión

Apréciase a existencia disociada entre dúas Galicia, cada vez máis afastadas. Esta proposta da Xunta constrúese en base a unha media verdade porque de novo *Galicia* -parafraseando a Rosalía- *sen homes -nen mulleres- queda, que a poidan traballar*, e é ante esa evidencia que se poñen os ollos nas vizosas novas xeracións arxentinas, uruguaias, suizas ou británicas, con argumentos emocionais e expectativas difíciles de cumprir para motivar un retorno. Os antecedentes non traen boas lembranzas. Cando a crise arxentina do *corralito*, ou cando Uruguay pasou por dificultades maiores, milleiros de galegos con dobre nacionalidade, ou en condición de tela, non atoparon facilidades para vir á terra dos seus devanceiros. Agora pode ser tarde, sobre de todo, porque a información flúe e coñécense ben o desemprego e o desmantelamento do estado do benestar nesta beira do Atlántico. Doutra banda, na proposta de *retorno* utilizada pola Xunta, confírmase a confusión con que se aborda a cuestión: só retorna quen antes marchou...

Esta medida “in extremis” revela a falla de comprensión coa que desde aquí se pensa nos de alá. Moitas veces, mera carne de canón electoral. Outras, anécdotas para ilustrar algunha crónica xornalística. Poucas, para facer un autén-

tico esforzo e debuxar o mapa do talento galego producido pola binacionalidade e as vantaxes da dupla oportunidade de pertencer a dúas culturas e poder desenvolverse en calquera delas. Porque o que non se parece disposto a corrixir é a outra realidade do éxodo constante e crecente de mocidade migrante nunha nova diáspora económica que expulsa masivamente a rapaces formados nas universidades galegas, con boa preparación e coñecemento de idiomas, que non dubidaron en procurar traballo onde fose.

Somos un pobo dado ao esquecemento por moita saudade que levemoso nos xens. Só así se entende o desleixo con que tratamos a tanto talento cultivado no exterior, e que sigamos a consentir esta nova perda de cerebros e brazos dispoñibles para construír un futuro no que Galicia deixe de expulsar e perder poboación, por activa ou por pasiva.

Vaian dous exemplos, un histórico, outro actual. O único Premio Nobel da Paz español, é un galego nado en Buenos Aires en 1931, de pai cambadés, con dobre nacionalidade, que non aparece nas listas oficiais. En Alfredo Pérez Esquivel personifícase até que punto se omite ao noso mellor patrimonio humano. Ou recentemente, a científica Sonia Villapol que con 41 anos leva tres como profesora na universidade de Georgetown, tras colaborar co Instituto Nacional da Saúde e co Centro de Neurociencias e Medicina Resenerativa dos EEUU; antes foi investigadora no Centre National de la Recherche

Scintifique (CNRS) na Universidade Pierre et Marie Curie no INSERM, en París. Licenciada en Bioloxía Molecular e Biotecnoloxía, cum laude na súa tese sobre os mecanismos da morte celular no cerebro, é un dos nosos moitos talentos fuxidos para quen non hai estratexias de retorno.

Bótanse as nasas nas augas do que antes se chamaba, sen eufemismos, emigración, porque a situación é desesperada e a Xunta non sabe como frear o declive demográfico que ven dado, entre outras razóns, polas escasas expectativas para permanecer aquí e afrontar a aventura de construír unha vida profesional e familiar.

Nun recente Manifesto Galego pola Ciencia, unha vintena de investigadores denuncian a situación que os levou ata centros extranxeiros de primeiro nivel, lonxe da terra na que estudaron e para a que quixerían traballar, porque “é imposible desligar o desenvolvemento socioeconómico e cultural dun país, dos seus avances en ciencia e tecnoloxía. Necesítase unha estratexia a longo prazo para crear un sistema científico sólido e para xerar riqueza e benestar económico e social”.

Así se construíría a patria real. A imaxinada está máis perto da antiga diáspora na que se xustifica a Estratexia Retorna 2020, pero ambas as dúas precisan ser contempladas. Haberá que aproveitar o mellor de cada caso co obxectivo de que non haxa motivos para fuxir e que segan a existir razóns para recuperar as raíces do pasado.

Álvaro Xosé López Mira, Celso Cancela Outeda e Daniel González Palau, codirectores do 2º Congreso de Estudos Internacionais de Galicia.

A PARADIPLOMACIA GALEGA NA UNIVERSIDADE? O EXEMPLO DOS CONGRESOS DE ESTUDOS INTERNACIONAIS DE GALICIA

Nos últimos trinta e cinco anos, dende a incorporación de Galicia á Unión Europea, comezamos a relacionármonos tanto no ámbito institucional coa temática internacional que interiorizamos con normalidade os cambios, sen parar demasiado a pensar neles. O nacemento da Fundación Galicia-Europa, hai xusto agora 30 anos, ou a captación de fondos europeos por parte das nosas administracións locais a finais dos anos 80, definen no calendario de maneira concreta o inicio da institucionalidade internacional da Autonomía, que se completa co nacemento da Dirección Xeral de Relacións coa Unión Europea no organigrama da Xunta de Galicia en 1996.

Todos estes cambios transformaron por completo a gobernanza das nosas institucións e diluíron as tradicionais fronteiras estatais, cando menos en relación á xestión operativa de todas as administracións no seu día a día (mais alá das liñas de ferro competenciais dos Estados e os debates sobre o papel das rexións e as distintas velocidades na construción europea). Así as cousas a UE, dende a cúspide da pirámide do goberno multinivel actual, é a máxima responsable de toda a lexislación baixo ámbito galego e a día de hoxe as relacións con Portugal, tanto na raia coma no contexto xeral da Euro-Rexión, son xa parte da paisaxe institucional e nichos de oportunidades recoñecidos por todos e todas.

Na Universidade todas estas transformacións produto da globalización revolucionaron á propia institución, que mudou substancialmente. Do exitoso Erasmus ás oficinas de internacionalización, aos intercambios en investigación, os proxectos de ámbito internacional e comunitario todo. Sen embargo, máis alá de experiencias puntuais, valiosísimas, a Universidade galega non tivo a ben producir, sistematizar e crear coñecemento arredor das transformacións políticas, arredor da nosa presenza no mundo e a xestión que desta dinámica facemos dende a Autonomía. Non atopamos rastro, máis que de maneira parcial, de programas de investigación, proxectos, asignaturas ou cursos de verán, que dende unha perspectiva científica se acheguen a estas transformacións, que no ámbitos dos novos debates das Relacións Internacionais se identifican coma Paradiplomacia, Novas diplomacias ou Acción Exterior subestatal...

En Galicia este espazo cóbreo dalgunha maneira dende hai máis de dúas décadas o IGADI, que dende o seu centro de documentación, o seu traballo de dinamización institucional da acción exterior de Galicia, ou por medio da revista semestral Tempo Exterior, a colección Texturas Internacionais ou o anuario -Nós No Mundo- xerou un marco teórico para identificar a Paradiplomacia da nosa Comunidade Autónoma.

Todo isto realizouse con apoio de profesores e estudantes das Universidades galegas, que con recorrencia colaboran ou realizan prácticas e estancias co IGADI, moitos deles a día de hoxe traballando en relacións internacionais ou noutros ámbitos da sociedade global e dispersos polo mundo tras aquela experiencia común, facendo unha rede de paradiplomacia pública que debера ser posta en valor.

O IGADI e a Universidade galega están ligados por convenios de prácticas maioritariamente, mais tamén por proxectos de colaboración e variadas experiencias prácticas, coma os históricos cursos de Información e Relacións Internacionais que se impulsaron na USC entre o 2003 e o 2007 ou o acompañamento á Universidade de Vigo da súa Oficina de Relacións Internacionais.

Nos últimos tempos destacan as experiencias en 2016 e 2017 dos Congresos de Estudos Internacionais de Galicia, que impulsamos en Pontevedra dende o Observatorio da Gobernanza da Área de Ciencia Política e da Administración da Universidade de Vigo e o IGADI e co apoio financeiro da propia Universidade e tamén da Xunta de Galicia, Concello de Pontevedra e Deputación.

Os Congresos nacen cuns obxectivos claros e cun legado en forma de reflexións estratéxicas corais sobre a posición, as fortalezas, os intereses ou as debilidades de Galicia no mundo. Se na primeira edición decidímonos por realizar unha ollada panorámica sobre a acción exterior de Galicia, dende as mesas institucionais, culturais, económicas, mediáticas na segunda edición do pasado 2017, puxemos o foco precisamente na Unión Europea, no papel de Galicia, mais tamén nunha diagnose xeral e plural sobre o estado e futuro do noso bloque rexional internacional por excelencia.

Hai que destacar que os Congresos resultaron ser moi participativos, con alta intervención

estudiantil e notable repercusión nos medios locais de Pontevedra. Tamén cumpriría salientar que no repositorio da televisión da Universidade de Vigo, existe libre acceso a vídeos ás diversas intervencións de ámbolos congresos, moitas das cales xa levan superado o milleiro de visionados. Os Congresos, máis alá de clásicas formas de coñecemento, deben ser espazos actuais adaptados ao mundo do S.XXI, liña que agardaremos dar continuidade no 2019 achegándonos á lusofonía sen complexos, outro espazo propiamente propicio para Galicia, máis dende a súa propia normalización coa Lei Paz Andrade.

Mais alá do rastro que deixa a dimensión comunitaria na construción da Autonomía galega, fáisenos moi relevante aquí lembrar que Galicia coma nacionalidade histórica de seu, legalmente recoñecida no marco xurídico actual, conta con trazos particularísimos que nos identifican na sociedade internacional e que isto, no mundo do S.XXI, é unha forte plusvalía para calquera territorio. Temos na diáspora (na vella e na nova), no carácter internacional da nosa lingua ou na cultura atlántica e celta elementos propios e identitarios, que nos posicionan, proxéctannos e conéctannos ao mundo, o que é positivo para definir unha marca país no planeta: para os negocios, para a cultura e en definitiva para as persoas e as sociedades nas que viven.

O exemplos dos Congresos de Estudos Internacionais e o traballo de colaboración conxunta entre o Observatorio da Gobernanza da Universidade de Vigo e o IGADI son un exemplo de como traballar en conxunto entre a Universidade e a sociedade civil a prol dunha maior comprensión e manexo das tendencias do S.XXI. Son un exemplo e unha vía na que afondar para dotarnos de ferramentas teóricas e prácticas que fagan da nosa paradiplomacia un recurso para un mellor e máis eficiente desenvolvemento do noso país.

O contexto da recentemente aprobada Estratexia Galega de Acción Exterior (EGAEX) debe servir como punto de inflexión para institucionalizar o traballo conxunto entre a Universidade e o IGADI e apostar por unha escola da paradiplomacia galega, mesmo oficializando titulacións académicas (graos, mestrados), que actualice o noso papel e misión na sociedade do S.XXI.

Temos necesidade e temos vimbios en Galicia para traballar na construción do país do futuro que queremos, con capacidade para xestionar o S.XXI dende as súas propias particularidades, da reflexión estratéxica ao big data do internacional.

Coordinadora local de Vigo da Marcha Mundial das Mulleres.

A CONEXIÓN GALEGA DA MARCHA MUNDIAL DAS MULLERES

A Marcha Mundial das Mulleres: ¿Quén somos?

A Marcha Mundial das Mulleres é un **MOVIMENTO INTERNACIONAL DE ACCIÓNS FEMINISTAS** que reúne a grupos e organizacións de base que loitan para erradicar a situación de pobreza das mulleres e a violencia exercida contra elas, naceu alá polo ano 1995, da man das mulleres feministas da Federación de Quebec que marcharon baixo o lema “PAN E ROSAS” para reclamar do propio goberno de Quebec, melloras na situación económica das mulleres.

Foi cando, satisfeitas con esta acción, deciden partillala con mulleres de todo o mundo e tecendo redes entre elas, nace a Marcha Mundial das Mulleres como tal.

Estrutura e Organización Interna

Como toda organización de dimensión internacional a MMM ten una estrutura interna que serve de unión de todo o movemento. Na MMM dásele plena autonomía as organizacións locais ou de base que se integran en Coordinadoras Nacionais (países ou territorios).

Para dar cobertura a todas estas CN e para coordinalas, a MMM conta con dous órganos importantes que son o **SECRETARIADO INTERNACIONAL (MAPUTO, MOZAMBIQUE) E O COMITE INTERNACIONAL (FORMADO POR MULLERES DE TODAS OS CONTINENTES)**.

E si ben na era dixital o contacto de todas as mulleres da MMM, se artella a través de moi-

tos medios de comunicación; a relación persoal entre nós é primordial, de xeito que (como acontece en Galicia) as CL reúnen en CN coa periodicidade dun mes; cada ano en Coordinadoras Rexionais (aquí: Coordinadoras Europeas) e cada dous anos, as delegadas de todas as CN do mundo onde a MMM ten presenza, en Encontros Internacionais que funcionan como Asembleas xerais onde se toman toda serie de acordos e é nese escenario, **ONDE PREVIO PROCESO DE CONSULTA, SE DEFINEN AS ACCIÓNS INTERNACIONAIS**.

Accións Internacionais

Poderíamos definilas como o conxunto de actos e mobilizacións que cada 5 anos a MMM realiza ao redor dunha temática definida e que ten como obxectivo visibilizar as mulleres como forza social e política de cambio do sistema neoliberal patriarcal.

Dende que a MMM ten vida, tiveron lugar catro Accións Internacionais:

a) A I Acción Internacional do ano 2000.

Os actos levados a cabo nesta acción, nos comezos da MMM como movemento global, xiraron ao redor dos dous temas principais do movemento que eran a eliminación da pobreza e a violencia cara as mulleres.

Así a acción comezou co seu lanzamento o 8 de Marzo cunha conferencia de prensa en Mon-

treal, que tivo conexión por satélite con mulleres de Xenebra e NY. Nesa conferencia presentábase un texto con 17 importantes reivindicacións das mulleres da MMM que fora sometida a recollida de sinaturas.

Ao longo de todo ese ano lévanse a cabo accións locais en todo o planeta, pechándose a acción o 17 con marchas simultáneas en todo o mundo; unha audiencia de mulleres da MMM, con membros do FMI e o Banco mundial aos que lles puxo de manifesto o impacto negativo das súas políticas na vida das mulleres e a presentación das sinaturas recollidas durante todo ese ano, fronte a sede da ONU.

b) A II Acción Internacional do ano 2005.

Nesta II Acción déuselle máis protagonismo e responsabilidades as CN co fin de fortalecelas a nivel rexional e territorial, intensificar a solidariedade transfronteiriza e aumentando o contacto entre elas a nivel global.

As accións principais (a marxe das que tiveron lugar en datas concretas organizadas por cada CN) foron 3:

- O relevo global da Carta Mundial das Mulleres para a Humanidade (elaborada nos anos precedentes)
- A creación colectiva e global dunha manta de patchwork.
- As 24 horas de solidariedade feminista.

A Carta e a colcha comezaron a súa viaxe polo mundo o 8 de Marzo dende Sao Paulo, finalizando o seu percorrido o 17 de outubro en Ouagadougou (Burkina Fasso), a onde viaxaron delegadas das diferentes CN para lle dar a benvida ao relevo da carta e a manta; mentres que no resto do planeta dende Oceanía en dirección Este-Oeste tiñan lugar mobilizacións garantindo así as 24 horas de solidariedade feminista.

c) A III Acción Internacional do ano 2010.

Tivo como lema a Paz e Antimilitarismo e como escenario un territorio en conflito: a República Democrática do Congo.

Dous foron os escenarios principais para concluír os contidos e obxectivos deste III Encontro:

1) *O VI Encontro Internacional da MMM en Lima* onde se fixo unha planificación do que sería o traballo das mulleres deste colectivo a longo prazo baseado, na recolección das reivindicacións e temas que se oiran durante a II AI, e que cristalizaron en catro campos de acción:

- 1. Ben común, soberanía alimentaria e acceso aos recursos e a diversidade.
- 2. Paz e desmilitarización.
- 3. O traballo das mulleres.
- 4. Violencia cara as mulleres como ferramenta de control dos corpos, a vida e a sexualidade das mulleres.

2) *Encontro Internacional de Vigo do 2008:* onde tralo desgarrador e dramático relato das mulleres chegadas da RDC, decídese o lema da Acción Internacional e como escenario da Acción este país.

Esta Acción que coma as anteriores, tivo o seu lanzamento en todo o mundo ao redor do 8 de Marzo con numerosos eventos a nivel local e rexional, tivo como escenario de peche o 17 de Outubro a cidade Congoleña de Bukavu onde mulleres chegadas de toda a parte do mundo quixeron apoiar as mulleres daquel país (e de tantos outros en conflito onde as mulleres son vítimas) e de dar a coñecer e intentar conseguir os obxectivos da acción: recoñecemento das mulleres vítimas do conflito, loitar contra a impunidade, cuestionamento das forzas da ONU e presenza das mulleres nas negociacións de paz. En definitiva: ser a voz das que non teñen voz.

d) IV Acción Internacional 2015

Comezase a forxar no IX Encontro Internacional da MMM en Sao Paulo (Brasil).

Alí decídese:

A organización da caravana como parte da acción en Europa foi unha proposta presentada no IX Encontro de Brasil. Os obxectivos da mesma definidos en outubro de 2013, durante O Encontro Europeo de Bélxica.

Pero será nun Encontro Europeo no País Vasco en Outubro de 2014, onde se presenta a proposta concreta do funcionamento da Caravana plantexada pola Rede de Mozas Feministas de Europa – MMM, e se definen os obxectivos da mesma:

- Organizar unha caravana en Europa que recolla a memoria das accións feitas en cada territorio e trasladalas ao seguinte, visibilizando as loitas das mulleres nos distintos territorios.
- Que, ademais destas accións, realizaríase unha acción de 24 horas de solidariedade feminista o 24 de abril, en memoria das máis de 1.000 mulleres de Bangladesh que morreron no ano 2013 no derrubo da fábrica onde traballaban.

Decídese que a Caravana saia do Kurdistán o 8 de Marzo (en recoñecemento a resistencia e alternativas das mulleres Kurdas de Kobane en loita contra ao Estado Islámico en connivencia con Turquía e os países de occidente) e establécese como acción simbólica común a recollida de sementes.

Folga Feminista 8 de marzo 2018

A folga internacional feminista deste ano 2018, realmente comezou a xestarse xa no 8 de marzo de 2017. As mulleres arxentinas fixeron un chamamento á folga global no seu país e no mundo enteiro co lema “Ni una menos, vivas

nos queremos”, como protesta aos feminicidios acontecidos no seu país.

Neste ano, o 8 de marzo foi convocada folga ou mobilizacións internacionais de mulleres en 170 países. A Marcha Mundial das Mulleres participou activamente no movemento nos distintos países nos que está presente. Na Galiza, a Marcha participou na asemblea Galegas 8M xunto con outras 30 organizacións galegas. A asemblea Galegas 8M traballa a folga e organiza a manifestación nacional galega do 8 de marzo por primeira vez en Vigo, trasladándoa de Compostela, que era onde se viña levando a cabo os anos anteriores. En anos futuros esta manifestación celebrarase rotativamente nas 4 provincias.

A asemblea Galegas 8M levou a cabo diversas asembleas abertas para artellar todo este traballo, establecendo a súa celebración nas distintas poboacións da Galiza, así, tiveron lugar xuntanzas en Ourense, Lugo, Pontevedra, Vigo e Lalín. Esta rotación ao longo do territorio galego buscaba o espallamento do movemento feminista e facilitar a participación de colectivos de toda a Galiza.

A manifestación unitaria galega celebrouse o 4 de marzo en Vigo, cunha asistencia masiva e unha explosión de berros, cores e percusión, xa que asistiron batucadas de toda Galiza. Esta manifestación pretendía ser unha chamada cara a folga do día 8 de marzo e visibilizar a convocatoria. Ese mesmo día fixéronse na Praza do Berbés recitais, concertos... etc para dar voz a todas as reivindicacións.

A campaña de Galegas 8M para a folga do 8 de marzo centrouse en 3 eixos fundamentais: Folga laboral, de cuidados e de consumo. Finalmente en todo o estado español o seguimento da folga e as manifestacións nas rúas foron das máis potentes e numerosas de todos os países participantes.

INSTITUTO
GALEGO
DE ANÁLISE
E DOCUMENTACIÓN
INTERNACIONAL



WE **W** **2018**
in the **ORLD**

NÓS NO MUNDO

**INFORME ANUAL
SOBRE A ACCIÓN EXTERIOR
DE GALICIA**